

Libia: un incentivo para o Tratado sobre o Comercio de Armas

Teresa Macià Cid

Introdución

En 2003 levantouse o embargo de armas que a ONU impuxera a Libia. Países de todo o mundo aproveitaron a ocasión para abastecer amplamente a este país das armas e doutro material militar que Libia non puidera adquirir en máis dunha década. Durante os sucesivos anos, países como o Reino Unido, Rusia e Francia mantiveron unha boa e lucrativa relación co país, a pesar de que se trataba dunha ditadura. En 2011, a denominada Primavera Árabe chegou a Libia e o seu líder, Muammar al Gadafi, utilizou o armamento adquirido durante estes anos para reprimir os movementos cidadáns a prol da democracia e para asegurar o seu poder.

A súa resposta foi tan dura que a comunidade internacional esgrimiu o seu deber moral para intervir no conflito. Neste novo contexto, políticos de todo o mundo, condenaban o réxime de Gadafi e buscaban estratexias para terminar coa súa ditadura. No entanto, non se pediron responsabilidades aos países que venderon material militar ao ditador. A resposta por parte destes consistiu en intervir no país militarmente (e polo tanto, utilizar máis armas) e a de armar aos rebeldes libios.

Distintas voces, sobre todo da sociedade civil a nivel mundial, viron no caso de Libia un exemplo claro e convincente para defender a necesidade de que no 2012 se aprobe o Tratado sobre Comercio de Armas (TCA). Actualmente, o tratado atópase en período de negociación, e a pesar de que conta co apoio dun considerable número de Estados, algunhas das principais potencias exportadoras de armamento (como EE.UU) son moi reticentes á súa aprobación. Entre outras cuestións, o tratado podería ser un instrumento para evitar que países que vulneren os Dereitos Humanos, se encontren en conflito ou tensión, etc., accedan ao mercado do armamento, perpetuando a súa situación. Seguramente, de existir con anterioridade, o TCA permitiría que a historia libia seguise outro curso.

Neste artigo exporase como xurdiu a idea do tratado e como se estivo desenvolvendo ata o momento, así como os principais trazos do seu contido e aplicación. A continuación, explicarase o caso de Libia, analizando quen armou a Gadafi e qué efectos tería o TCA neste país.